



Pilar Pallarés (Culleredo, 1957), poeta da chamada promoción dos oitenta, entra na nómina da RDL no seu espertar. Abeirada cara ó intimismo e a reflexión orixinada polo mar – tralo que subverte o poemario ‘Sétima soidade’ (1984)–, Pallarés é sen dúbida unha das grandes voces do momento posuidora dunha poética que, segundo a ensaísta Carme Blanco, se resume nos moticas da soidade, da comunicación, do discorrer da vida cotiá. Do ensaio literario achegou ‘Rosas na sombra. A poesía de Pimentel’ (1991) ademais de ser colaboradora en revistas como ‘Nordés’, ‘Grial’, ‘A Nosa Terra’, ‘Luzes da Galiza’, ‘Dorna’ ou ‘Festa da Palabra Silencia’.

## Pilar Pallarés

### Arredor de Picasso

Talvez por presentiren-te se achegaron as pombas.  
É tan extraño a ti ese siléncio,  
esta calma de ser en que se estica o dia e se adormece...

Invisíveis leóns velan o tránsito de horas e cadáveres  
por estas augas mansas.

Pero algo no ar lembra ainda adeuses e acordeóns  
e a intimidade rouca de cidades portuárias.

As fotos de man Ray nas salas do museu  
e unha xanela aberta ás termas dos romanos,  
con frémito de insectos e un canso bater de asas  
en meandros de luz. No fundo dos teus cadros  
un sexo insomne de muller  
vixia-nos  
sen pálpebras  
e agonizan cavalos nos círculos de xiz.